






BIBLIOGRAFIA SOBRE O PARQUE DO PASATEMPO (1900-2017)

ANGEL ARCAY BARRAL

Arquiveiro



Resumo

Estudo bibliográfico dos traballos que se teñen escrito sobre o Parque do Pasatempo e as obras filantrópicas dos irmáns García Naveira.

Palabras chave: bibliografía, Parque do Pasatempo, Betanzos, irmáns García Naveira, emigración.

Abstract

Bibliographic study of the works written about Parque do Pasatempo and the philanthropic constructions of the García Naveira brothers.

Keywords: bibliography, Parque do Pasatempo, Betanzos, García Naveira brothers, emigration.

A investigación bibliográfica sobre un tema debe de ser sempre o primeiro chanzo a superar no noso coñecemento do obxecto de estudo. Precisamente o silencio e o esquecemento que rodean a unha obra tan especial coma o Parque do Pasatempo precisa con urxencia unha revisión bibliográfica do seu pasado recente, tentando recuperar non só os poucos libros publicados ao respecto senón tamén os artigos científicos ou as pequenas revisións que poidan aportar datos a futuras investigacións.

Malia que a complexidade para comprender o Parque é evidente, non son moitos os que se arriscaron a facer publicacións científicas ou con certo rigor ao redor deste lugar. Isto ven acompañado dun esquecemento tamén rechamante na prensa da época, que proliferaba pola vila de Betanzos ao mesmo

tempo que o Pasatempo, pero que poucas veces se fixo eco do agasallo que Don Juan estaba construíndo nas xunqueiras do Carregal, posiblemente polo carácter privado que tivo esta construción nos seus inicios.

A mala imaxe que tiñan os indianos, como veremos nas obras de Moreno Feliu ou Luís Seoane, fai que o Parque sexa concibido coma un *capricho* dun excéntrico novo rico, facendo decaer o interese dos medios de comunicación da época, aspecto que seguramente influíu en que a día de hoxe aínda sexa un misterio coñecer moitos dos recunchos que este lugar agochou.

Para tratar de corrixir esta eiva histórica co Parque presento esta relación bibliográfica de todas as obras que dun modo ou outro estudaron o Parque ou a obra dos irmáns García Naveira.



ALONSO DE ROCHA, A. (2016) “Los Hermanos García Naveira, indianos: nota-homenaje”. En *Anuario Brigantino*, nº39. Concello de Betanzos, pp. 383 – 388.

Unha das derradeiras publicacións sobre o Parque e a historia dos irmáns García Naveira, publicada por esta avogada arxentina. Neste pequeno artigo repasa a biografía dos indianos betanceiros con especial mención ao Pasatempo. A falta de referencias bibliográficas non permiten saber de onde se sacan moitos dos datos máis controvertidos, coma a participación de Dona Águeda, filla de Don Juan, na elaboración dos deseños das diferentes estatuas do Pasatempo, ou a orixe da riqueza dos irmáns que a autora vincula á súa labor comercial e á expansión do ferrocarril.

BORONDO, R. (1900) *Memorias de un viaje improvisado*. Betanzos, Imprenta de Sucesores de Castiñeira.


Trátase dun libro de máis de cen anos que, así e todo, garda unha gran relación co Parque. Na súa primeira páxina relátase o encontro entre o propio Rogelio Borondo e os irmáns García Naveira, que lle explican que esa mesma tarde parten de misión comercial por Europa. Tras convencelo para que os acompañe, Rogelio Borondo irá escribindo este diario de viaxe onde explica moitos dos lugares que aparecen representados posteriormente no Parque do Pasatempo e que serviron de inspiración para Don Juan.

CABANO VÁZQUEZ, I., PATO IGLESIAS, M^a L., SOUSA JIMÉNEZ, X. (1986). “El Pasatiempo (I): Un país de Oriente”. En *Anuario Brigantino*, nº9. Concello de Betanzos, pp. 97-119.

Poderíamos considerar pioneiros a estes tres autores xa que son os primeiros en estudar o Parque en profundidade. Como anticipo á súa monografía, narran neste artigo todas as explicacións habituais do Parque tomando de referencia o relevo de *Ud. que le gusta viajar*.

CABANO VÁZQUEZ, I., PATO IGLESIAS, M^a L., SOUSA JIMÉNEZ, X. (1991) *El Pasatiempo: o capricho dun indiano*. Sada, Edicións do Castro.

A día de hoxe é a obra máis completa que existe sobre o Parque, cun estudo detallado de todo o patrimonio que existe e existiu na Horta de Don Juan. Apoiando as súas explicacións en todo tipo de material gráfico (mapas, imaxes, etc.) conseguen que siga sendo na actualidade a obra de referencia para todos os que se inicien no estudo do Pasatempo.



CARDESÍN DÍAZ, J.M. (2017) “A Theme Park in Early twentieth Century Galicia: A Case Study on the Globalized Visions of “Indianos””. En DEPALMA, R., PÉREZ-CARAMÉS, A. (Eds.) *Galician Migrations: A Case Study of Emerging Super-diversity*. Luxemburgo, Ed. Springer, pp. 63 - 79.

Achegamento dende o campo da socioloxía á figura do indiano galego, centrándose nos irmáns García Naveira e no estudo do Parque do Pasatempo dende un punto de vista pedagóxico. Contén unha breve descrición do Pasatempo coma un parque no que Don Juan representa as súas viaxes polo mundo.

CRESPÍ RODRÍGUEZ, J. (1996) “Restauración del Pasatiempo”. En *Anuario Brigantino*, nº19. Concello de Betanzos, pp. 385 - 386.

Resumo dos pasos que se desenvolveron na rehabilitación do Parque do Pasatempo, dende a primeira limpeza e as tarefas de retirada de escombros ata a plantación de vexetación por todo o Parque.

CRESPÍ RODRÍGUEZ, J. (1998) “El Pasatiempo: una nueva dimensión”. En *Anuario Brigantino*, nº21. Concello de Betanzos, pp. 491-495.

Breve artigo no que o responsable da restauración do Parque comenta os aspectos máis relevantes da rehabilitación e aporta un lixeiro resumo do traballo que desenvolveu no campo da vexetación.

CRESPÍ RODRÍGUEZ, J. (2002) “El Pasatiempo: un modelo utópico de ordenación”. En *Anuario Brigantino*, nº25. Concello de Betanzos, pp. 401 - 436.

Neste artigo, o director da restauración do Parque e responsable da súa conservación, estuda o legado dos García Naveira dende o punto de vista do desenvolvemento urbano que supuxo para Betanzos. Destaca a súa análise do deseño do Parque e da estrutura ca que o dotou Juan García Naveira.

CRESPÍ RODRÍGUEZ, J. (2006) “Revalorización del Parque histórico de El Pasatiempo: Investigación, gestión e intervención”. En *Anuario Brigantino*, nº 29. Concello de Betanzos, pp. 439 - 490.

Trátase dun dos artigos máis completos do responsable de conservación do Parque do Pasatempo e encargado de dirixir a obra de restauración da Horta de Don Juan. Neste artigo explica paso a paso as estratexias de conservación que se desenvolveron dende o

Concello de Betanzos tras adquirir este lugar. É o único documento técnico que poderemos atopar nunha publicación científica polo que supón un gran interese para estudar as intencións municipais neste conxunto, así como para saber máis das diferentes decisións que se tomaron e que non sempre convenceron á veciñanza.

CRESPÍ RODRÍGUEZ, J. (2007) “El Pasatiempo Historic Park: Landscape Desing in Indiano Style” En *Garden History*, Vol.35, nº2, *The Garden History Society*, pp. 197 - 209.

Síntese de todos os traballos asinados por este autor e publicado nunha revista estranxeira. Neste artigo describe a particular historia do Parque do Pasatempo e pon de manifesto a súa importancia artística, tanto dende a visión utópica do lugar como da importancia do estilo que el denomina indianista dentro da arquitectura paisaxística.

DE LA FUENTE GARCÍA, S.J. (1999) “Los hermanos García Naveira y sus fundaciones”. En *Anuario Brigantino*, nº22. Concello de Betanzos, pp. 394 - 434.

Un dos artigos máis completos dos que podemos atopar publicados no *Anuario Brigantino*. Nel faise un completo repaso a todas as obras dos irmáns García Naveira con moitos datos de interese. Ademais do perceptivo estudo do Parque, o autor analiza as diferentes obras filantrópicas que desenvolveron os irmáns dende a creación do seu Patronato, algo similar ao que fai tamén M. Rodríguez Crespo no seu traballo.

ERIAS MARTÍNEZ, A. (1996) “Sorpresa no Pasatempo de Betanzos: aparece unha lauda sepulcral do s.XV” En *Anuario Brigantino*. nº19, Concello de Betanzos, pp. 249 - 251.

Breve crónica da aparición dunha lauda sepulcral do século XV no Parque do Pasatempo. Aproveitando os traballos de limpeza atopouse esta peza cuberta de vexetación, tapando a entrada ás covas da terraza do muro das viaxes. Alfredo Erias data a inscrición da mesma en 1462 e asegura que se pode tratar dunha das pezas que cubría, ata os anos setenta do século XIX, o chan do mosteiro de San Francisco.



ERIAS MARTÍNEZ, A. (2008) “Betanzos pedagóxico”. En *Anuario Brigantino*, nº31. Concello de Betanzos, pp. 529 - 552.

Alfredo Erias aporta neste artigo a súa experiencia coma Director do Museo das Mariñas facendo unha síntese dos recursos pedagóxicos que se conservan tanto no propio Museo das Mariñas coma na vila de Betanzos, sendo obrigatorio o repaso a todo o legado dos indianos neste campo.

ERIAS MORANDEIRA, A. (2007) “La Casa de Doña Águeda: construcción, destrucción y reconstrucción teórica de una casa de indianos en Betanzos”. En *Anuario Brigantino*, nº30. Concello de Betanzos, pp. 423 - 460.

Malia que o artigo versa sobre a arquitectura da coñecida coma Casa de Dona Águeda podemos aproveitarnos del para coñecer novos datos ao redor do Parque do Pasatiempo e da familia García Naveira.

FERNÁNDEZ DE ROTA Y MONTER, J.A., IRIMIA FERNÁNDEZ, M^a P. (2000) *Betanzos frente a su Historia: Sociedad y Patrimonio*. Santiago de Compostela, Fundación Caixa Galicia.

Son varios os artigos onde este autor trata de maneira puntual o Parque do Pasatiempo, sen embargo, é nesta onde se refire a el nun contexto máis amplo. Trátase novamente dun estudo dende o punto de vista antropolóxico no que estuda o patrimonio brigantino e a súa implicación na imaxe colectiva da vila, na identificación dos veciños ca memoria dos indianos e ca súa valía para a conformación da urbe.

FUENTES ABELEDO, E.J. (2014) “Reflexiones en torno a la acción educativa de los Hermanos García Naveira en Betanzos”. En *Anuario Brigantino*, nº37. Concello de Betanzos, pp. 137- 160.

Os traballos deste mestre non se centran unicamente no Parque do Pasatiempo, ao que acode para facer unha posta en valor das virtudes pedagóxicas que debuxou Don Juan, senón que inciden na importancia da labor pedagóxica dos irmáns García Naveira na vila de

Betanzos, tanto no apoio do dereito á educación coma nos medios didácticos empregados e dos que actualmente podemos coñecer algo máis visitando o Museo das Mariñas.

FUENTES ABELEDO, E.X. (2016) “Os irmáns García Naveira e o dereito a unha boa educación para todos e todas”. En *Anuario Brigantino*, nº38. Concello de Betanzos, pp. 399 - 422.

Novamente Fuentes Abeledo centra a súa investigación na acción educativa dos irmáns García Naveira, contando de primeira man a experiencia vivida tralo paso polas súas escolas. Ademais, fai un breve repaso ás biografías dos indianos e ás súas obras máis destacadas.

GARCÍA OTERO, J.M. (2000) “El Pasatiempo de Betanzos. Recuperación y puesta en valor del patrimonio cultural”. En *Restauración & Rehabilitación: Revista internacional del patrimonio histórico*, nº43. Instituto Universitario de Restauración del Patrimonio, Universidad Politécnica de Valencia, pp. 36 - 43.

Analise da recuperación e posta en valor que o Concello de Betanzos fai do Parque a finais do século XX e que poderíamos resumir coa seguinte cita do seu propio texto:

Otro tema es que, en ocasiones, los criterios de restauración que se aplican no sean los más adecuados porque la imaginación del restaurador (que es el peor enemigo del rigor histórico) supla la investigación rigurosa y el trabajo multidisciplinar, imprescindible en estos casos, instalándose, en su lugar, una historia que no pertenece a la realidad. Dicho esto, me gustaría añadir que la labor de recuperación del pasatiempos de Betanzos es buena, en general, y creo que hasta ahora se ha hecho algo importante en el proceso de recuperación; otro aspecto es la puesta en valor del mismo. De la misma manera que para reparar un diente roto hay que ir a un dentista o cuando se avería un automóvil, a un taller mecánico, para la puesta en valor de un bien patrimonial recuperado hay que acudir a un experto en gestión del patrimonio cultural (2000: 38).

GÓMEZ ANUARBE, M. (2011) *Lenguaje oculto en los jardines gallegos*. Madrid, Ed. M. Gómez.

Breve interpretación do Parque do Pasatiempo dende o punto de vista da masonería no que non se afonda o suficiente para chegar a coñecer o simbolismo oculto na obra de don Juan García Naveira.

GONZÁLEZ MÍGUEZ, C. (2015) *Valoraciones culturales del paisaje y del territorio: El Parque del Pasatiempo - Betanzos*. Madrid, Universidad Carlos III.

Completa investigación na que a autora, ademais de facer un percorrido por toda a bibliografía existente, así coma tamén polas fontes literarias, fotográficas e turísticas, aborda unha narrativa común en todas elas para facer unha explicación coherente de todo o recinto.

HELAS, P. (2014) “Der Park El Pasatiempo in Betanzos. Eine Gegenwelt mi Zeichen von Caritas und Kapitalismus”. En *Gegenwelten*. Innsbruck, pp. 340–349.

Acostumados como estamos ás explicacións artísticas ou históricas do Parque, sorprenden as visións feitas dende o punto de vista da antropoloxía, algo que tamén acontece na interpretación de Paz Moreno Feliu. Ambos autores estudan a narrativa capitalista do Parque e, neste caso, a súa vertente caritativa.

MARIÑO ESPIÑEIRA, D. (1999) “Juegos en el Pasatiempo surrealista”. En *Anuario Brigantino*, nº22. Concello de Betanzos, pp. 457-462.


Narración dunha experiencia pedagóxica desenvolvida polo autor, creador dunha maqueta en papel do propio Parque. Neste texto o autor vincula o termo de *Parque Enciclopédico*, co que Luis Seoane acuña ao Parque, coas pezas máis surrealistas que constrúe Don Juan.

MARIÑO ESPIÑEIRA, D. (1999) “El turista ideal del Pasatiempo”. En *Anuario Brigantino*, nº22. Concello de Betanzos, pp. 435 - 444.

Neste traballo o autor centra a súa análise na obra *Memorias de un viaje improvisado*, que constitúe unha das fontes máis importantes para a comprensión do Parque do Pasatiempo.

MARIÑO ESPIÑEIRA, D. (1999) “El Pasatiempo: pionerismo escénico del Jardín Temático”. En *Anuario Brigantino*, nº22. Concello de Betanzos, pp. 445 - 456.

Interesante artigo que versa sobre a definición de *xardín temático*, referencia que sempre se emprega para falar do Parque, ao tempo que realiza unha pequena comparación ca obra do Park Güell de Gaudí.





MARIÑO ESPÍÑEIRA, D. (2000) “Mito y utopía: sabiduría pedagógica del Pasatempo”. En *Anuario Brigantino*, nº23. Concello de Betanzos, pp. 423 - 476.

Este artigo trata outra das partes que sempre chaman a atención do Parque: o seu carácter didáctico. Achégase á súa narrativa dende un punto de vista pedagóxico, unindo as referencias creadas por Don Juan cas teorías educativas propias do momento. No remate, fai especial fincapé na figura da *Árbore Xenealóxica do Capital*.

MARIÑO ESPÍÑEIRA, D. (2001) “El corazón de la Fortuna en los arquetipos literarios del Pasatempo”. En *Anuario Brigantino*, nº24. Concello de Betanzos, pp. 417 - 430.

Neste artigo o autor trata de relacionar a biografía e o legado dos García Naveira co de outras figuras que tamén se valeron dos avances da época para buscar o progreso e a fortuna.

MARIÑO ESPÍÑEIRA, D. (2003) “Introducción a la narrativa del Pasatempo”. En *Anuario Brigantino*, nº26. Concello de Betanzos, pp. 411 - 442.

Malia que son varios os artigos referidos á mera descrición dos obxectos artísticos, non hai tantos que traten de procurar unha narrativa común para todo o Parque do Pasatempo. Isto é o que intenta o autor neste traballo, tratando de relacionar o legado da horta de Don Juan cun fenómeno coetáneo no tempo: a aparición e a influencia do cine no Pasatempo.

MARTÍN LÓPEZ, D. (2010) *Estética masónica, arquitectura y urbanismo, siglos XVIII – XX*, Tesis doctoral del Departamento de Historia del Arte y Música de la Universidad de Granada.

Esta tese de doutoramento é un dos traballos recentes que máis destacan pola aproximación que fai ao Parque, abordando a súa narrativa dende un punto de vista masónico que non se tiña

estudado ata o momento. Inserido nun completo estudo doutros parques similares, o autor explica diferentes recursos do Pasatempo entendidos dende o simbolismo empregado na masonería.

MARTÍNEZ FERRANDO, D. (1922) *A través de Galicia: ciudades y paisajes*. Barcelona, Editorial Cervantes.

Autor encarcerado pola súa vinculación ca masonería. Dedícalle unha parte do seu libro ao Parque do Pasatempo, cunha profunda descrición do que un viaxeiro podería atopar neste *lugar semihelénico* construído por un *Aladino de las Pampas*. É interesante sobre todo a descrición que fai das partes xa desaparecidas hoxe en día.

MORENO FELIU, P. (2011) *El bosque de las Gracias y sus pasatiempos: Raíces de la antropología económica*. Madrid, Ed. Trotta.

A autora sèrvese de varias representacións do Parque do Pasatempo para ir explicando o avance das sociedades modernas no eido económico, sobre todo no panorama occidental. Malia ser unha obra pertencente ao campo da antropoloxía, a reflexión que aporta de recursos patrimoniais coma a *Árbore xenealóxica do capital* aumenta aínda máis a importancia e a complexidade da Horta de Don Juan.

NÚÑEZ-VARELA Y LENDOIRO, J.R. (2013) “El Pasatempo de Betanzos: una oportunidad perdida”. En *Actas del XXXIX Congreso de la Real Asociación Española de Cronistas Oficiales (RAECO)*. Diputación de Cáceres, pp. 465 - 476.

É indispensable para coñecer a historia do Parque do Pasatempo achegarse á figura de José Raimundo Núñez-Varela y Lendoiro, cronista oficial de Betanzos, e unha das voces máis autorizadas para dar a coñecer o pasado recente da obra de Don Juan¹. Neste artigo, narra o que o século XX lle deparou ao Parque,

¹ Destacar, ademais deste artigo, os numerosos traballos científicos e escritos oficiais que ten publicado na súa páxina web: <http://www.cronistadebetanzos.com/> baixo títulos coma Los Hermanos García Naveira, os tres capítulos de El Pasatempo de Betanzos, imáxenes de un desatino, o informe presentado o 11 de febreiro de 1986 ante o Concello de Betanzos co título de Informe sobre la finca El Pasatempo, o 19 de maio do mesmo ano co nome de El Estanque de los Papas ou as alegacións ao planeamento municipal o 15 de maio de 1985 onde estaba claramente afectada a parte baixa do Parque. Toda esta labor incrementábase ca súa participación no Seminario de Estudios Mariñáns ou na Plataforma ADELPHA (Asociación de Defensa Ecológica y del Patrimonio Histórico Artístico).



sobre todo nese período escuro entre a morte de Don Juan en 1933 e a primeira rehabilitación desenvolvida polo Concello de Betanzos.

PEDREIRA DOPICO, J. (1997) “Escuela Taller Pasatiempo II”. En Libro das festas patronais de San Roque. Concello de Betanzos, pp. 136 - 138.

Breve artigo informativo do director do Centro de Formación Ocupacional que organizou as Escolas Taller para a rehabilitación do Parque do Pasatiempo baixo as ordes do Concello de Betanzos. O autor, que xa viña asinando artigos sobre esta temática nos números anteriores da mesma publicación, anímase desta volta a engadir algún dato histórico máis para contextualizar dito proxecto de formación.

PEREIRA OLIVEIRA, M.D. (2001) As fotografías de Charles López Alberty Jeaneret no Arquivo Histórico Provincial de Lugo. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Recompilación das imaxes de Loty que se poden atopar no arquivo lugués, entre as que destacamos as realizadas na súa visita ao Parque do Pasatiempo de Betanzos.

- RODRÍGUEZ ARNAO, J.A. (2015) “El Pasatiempo en los ojos de Loty (1927 - 1936)”. En Anuario Brigantino, nº38. Concello de Betanzos, pp. 423 - 454.

Reproducción destas imaxes do fotógrafo francés no seu paso polo Parque do Pasatiempo, permitindo recoñecer moitos dos obxectos que non lograrían sobrevivir durante todo o século XX.

REAL ACADEMIA GALEGA DE BELAS ARTES NOSA SEÑORA DO ROSARIO e FUNDACIÓN CAIXA GALICIA (2004). A Coruña no obxectivo de Manuel Chamoso Lamas. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Nesta obra, na que se recolle a produción fotográfica de Chamoso Lamas na provincia coruñesa, hai un pequeno apartado dedicado ao Parque do Pasatiempo con varias imaxes das súas localizacións máis recoñecidas.

REY CABEZUDO, M. y CANEDO BARREIRO, M. (2016) “Visitando “El Oriente”. El Parque del Pasatiempo, una guía de viajes en cemento”. En ALMARCHA NÚÑEZ-HERRADOR, E., MARTÍNEZ-BURGOS GARCÍA, P., SAIN MAGAÑA, M.E. (dir. Congr.) El Greco en su IV Centenario: Patrimonio hispánico y diálogo intercultural. Universidad de Castilla - La Mancha, pp. 591 - 608.

A aportación destas autoras ao legado do Parque do Pasatiempo supón un feito diferencial respecto a todo o que presentamos neste traballo. Se os artigos de Crespí supoñen un detallado estudo da rehabilitación do Parque, Rey e Canedo farán unha valoración máis sosegada, xa que o paso do tempo tamén o permite, analizando os erros da rehabilitación e poñendo o foco nos diferentes plans políticos que se presentaron nas dúas últimas décadas do século XX para tratar de recuperar o legado de Don Juan García Naveira. Acompañan todo isto ca descrición artística dos restos que aínda se manteñen no Parque.



RODRÍGUEZ ARNAO, J.A. (2015) “El Pasatiempo visto por Vega en 1947”. En *Anuario Brigantino*, nº38. Concello de Betanzos, pp. 455 - 472.

Podemos considerar este artigo unha ruptura co discurso establecido ao redor da historia do Pasatempo. Se sempre se falou, como así o reflicte a versión oficial e institucional da historia do Parque, de que a Guerra Civil supuxo a desaparición case total do Pasatempo, a investigación de Rodríguez Arnao pon de manifesto todo o contrario. Demuestra por medio desta colección fotográfica que nos anos posteriores á Guerra Civil o estado de conservación deste lugar non era tan catastrófica coma sempre se pensou.

RODRÍGUEZ CRESPO, M. (1983) *Lucha y generosidad de los hermanos García Naveira*. Concello de Betanzos.

Co gallo do cincuenta aniversario da morte de Don Juan García Naveira, o Concello de Betanzos organiza unha comisión para a realización dunha homenaxe aos irmáns filántropos. Dita comisión estará encargada da realización de actividades como unha misa, a colocación dos retratos na Sala Capitular ou a realización dunha exposición. Ademais de todo isto, encárgaselle a M. Rodríguez Crespo a redacción dunha biografía dos indianos que se verá completada cun resumo das súas obras sociais en favor de Betanzos.


SEOANE, L. (1957) “El Pasatiempo de Betanzos» En *Galicia Emigrante*, nº28. Buenos Aires, Imp. Alea, pp. 12 - 15.

Obra sempre referenciada ao falar do Pasatempo, pois é Luís Seoane neste artigo quen inventa o alcume de *Enciclopédico*. Este breve traballo narra a experiencia dunha visita ao Parque nos seus anos de abandono, comparando a obra do indiano betanceiro ca do carteiro Ferdinand Cheval do Palais Idéal e lamentándose porque:

[...] sufrió ya grandes mutilaciones con la complacencia estúpida de los encargados de su custodia y de las autoridades de la ciudad de Betanzos que nunca vieron más que capricho en el ensueño creador de los hermanos García Naveira, por otra parte los únicos filántropos que tuvo durante años esa ciudad. Motivo de risa para señoritos y apacibles semianalfabetos mercaderes que no presintieron la correspondencia estética entre estos relieves de cemento y alguna de esas estatuas, con la labor de los picapedreros en muchos cruceros de Galicia (1957: 12).

SOBRINO MANZANARES, M.L. (2008) “Capricho enciclopédico de un indiano. El Pasatiempo de Betanzos (La Coruña)”. En RAMÍREZ, J.A. (Dir.) *Escultecturas margivagantes: La arquitectura fantástica en España*. Madrid, Ed. Siruela, pp.72 - 85.

Este libro é unha obra conxunta na que se estudan diferentes casos do que denominan marxivagantes, é dicir, arquitecturas ou esculturas



marxinais e extravagantes, esfumadas por todo o territorio español. Moitos dos casos que se estudan pertencen a obras particulares feitas a expensas das institucións e representando conxuntos artísticos moi persoais, como pode ser o caso do parque betanceiro.

A explicación que se fai do conxunto non dista moito das descrições habituais do Parque, das súas partes e dos seus misterios. O autor reafirma tamén, *que no existe, en el proyecto de este dilectante admirador de otros territorios culturales, un programa o una clara idea conductora* (2008, 74).

SORALUCE BLOND, J.R. (1986) “Una vez más el Pasatiempo”. En *Untía: Boletín do Seminario de Estudios Mariñáns*, nº2. Betanzos, pp. 45 - 49.

Publicado na revista do Seminario de Estudios Mariñáns, no que tamén participan outros autores aquí recollidos, fai un breve repaso do paso do tempo no Parque, das diferentes etapas que atravesou para advertir das inxedanzas que, xa en 1986, deparaba o futuro. Afírmase nesta obra:

Ante todo, no debe desvirtuarse su significado como parque unitario, ni mermarle terrenos para polideportivos o similares. Se ofrece la posibilidad de que vuelva a ser un conjunto vivo y atractivo, precisamente por su originalidad, pero eso solo se consigue con un planteamiento de PROYECTO, rehabilitando un viejo monumento para una nueva vida. (1986: 46).

TORRES REGUEIRO, X. (2012) “A emigración betanceira a América a través dos expedientes do Arquivo Municipal (1865 - 1907)”. En *Anuario Brigantino*, nº35. Concello de Betanzos, pp. 185 - 208.

Malia tratarse dun estudo xeral de todo o conxunto de emigrantes que parten de Betanzos cara América, o autor fai unha breve crónica da vida dos irmáns García Naveira e o seu paso pola emigración, deténdose tamén na biografía de Juan Jesús García Iribarne, fillo de Don Juan e alcalde da vila de Betanzos.

TOSAR, L.G. (1998) “A arte no Pasatiempo”. En *Libro das festas patronais de San Roque*. Concello de Betanzos, pp. 200 - 204.

Breve resumo da traxectoria vital de Don Juan García Naveira e achegamento ao que o autor non considera unha obra *kitsch*, senón unha *ensoñación onírica*.

VILLANUEVA MÉNDEZ, A. (2014) *Protomodernidad y estilo: estudio de la arquitectura pública en Betanzos, 1900 - 1933*, Tráballo de Final de Mestrado da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña.

Completo estudo arquitectónico de moitas das obras dos García Naveira así como de construcións coetáneas que floreceron nun momento de auxe cultural en Betanzos. Ademais dos aspectos formais e das incidencias na transformación urbanística da vila, chama a atención a súa comparativa co parisiense Parc des Buttes-Chaumont.

VILLASOL, C.L. (2001) “Dos sueños en piedra: A Quinta da Regaleira y el Parque del Pasatiempo”. En *Anuario Brigantino*, nº24. Concello de Betanzos, pp. 431 - 448.

Estudo comparado que resulta realmente interesante xa que tanto o parque betanceiro coma a Quinta da Regaleira de Sintra (Portugal) son dous recursos patrimoniais que poderíamos considerar semellantes e no que sempre se trata de buscar explicación para a obra do indiano garelo. Ademais, cobra unha especial importancia o legado masónico destas dúas construcións, o que nos permite concluír que a Quinta portuguesa si que é realmente un lugar que podemos equiparar ao Parque do Pasatiempo en moitos dos seus aspectos. Como xa vimos, tamén hai varios autores que perciben o legado da *Divina Comedia* nestas dúas localizacións.